

ANUNCIO

SUMARIO

Bases reguladoras das subvencións a deportistas individuais por e para competicións oficiais do Concello de Outes.

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícanse as Bases reguladoras das subvencións a deportistas individuais por e para competicións oficiais do Concello de Outes. 2024.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS POR E PARA COMPETICIÓN S OFICIAIS

PRIMEIRO. OBXECTO. FINALIDADE

O obxecto desta convocatoria é establecer os criterios e o procedemento de concesión de Becas/subvencións, mediante o procedemento de concorrencia competitiva a Deportistas Individuais dirixidas á promoción do DEPORTE BASE (idades entre 10 e 20 anos) E ADAPTADO (entre 10 e 30 anos), por e para competicións oficiais realizadas entre o 1 de Novembro de 2023 e o 31 de Outubro de 2024.

A finalidade da concesión destas Becas / Subvencións é a de fomentar o deporte Base e Adaptado no noso municipio e axudar a paliar os gastos derivados da alta competición federada, por eso preténdese avaliar os logros obtidos por estes deportistas sempre e cando cumpran cos requisitos previstos na presente convocatoria, conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, coas súas modificacións, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas.

O procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade. Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade, que deberán ser comunicadas ao Concello de Outes.



SEGUNDO. FINANCIAMENTO.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida orzamentaria 341/48003 do Orzamento municipal vixente para o ano 2024, e co límite da súa consignación orzamentaria ó efecto.

A partida para distribuír será de 5.400 €, repartidos segundo os criterios de valoración, e o máximo por deportista será de 2.000 €.

TERCEIRO. ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

Consideraranse gastos subvencionables os realizados entre as datas seleccionadas sempre e cando se correspondan coa natureza e obxecto desta subvención, entre eles os gastos de viaxes e dietas (desprazamentos, aloxamento e manutención) cando tendo relación directa co obxecto da subvención, deriven da participación en competicións oficiais, desprazamentos a concentracións técnicas ou ó centro de tecnificación, debidamente acreditados pola federación correspondente.

Deberá presentarse un certificado da federación sobre a participación en competicións oficiais, asistencia a xornadas técnicas, deportista tecnificado nun centro especializado ou concentracións de selección autonómica e/ou nacional, no que se recolla: lugares de competicións/concentracións, datas e resultados acadados nas datas propostas. A non presentación deste certificado levará a non consideración destes gastos.

3.1.- Teranse en conta as seguintes consideracións:

- Os gastos de desprazamento, xustificaranse cos billetes de viaxe de calquera medio de transporte público utilizado en clase turista.
- Os gastos de aloxamento, xustificaranse coa factura do hotel, pensión, etc, cun máximo de 65 €/día.
- Nos gastos de manutención considerarase xustificable as facturas por tal concepto, cun máximo de 35 €/día (almorzo, comida e cea)
- No caso de tratarse dun menor de idade, considerarase subvencionable os gastos ocasionados por estes conceptos, do deportista menor e dun adulto.
- En caso de que dous irmáns compitan na mesma competición e nas mesmas datas só se computará o desprazamento dun deles.
- Para competicións fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse computar os gastos de aloxamento e manutención do/s día/a das competicións e do día anterior a esta.
- Os gastos de adquisición de roupa deportiva necesaria. Sempre que sexa posible, deberá figurar nela, o logotipo do Concello de Outes, que deberá acreditarse a través dun medio gráfico.
- O importe líquido das nóminas dos adestradores, sempre e cando estes se



atopen no réxime de alta na seguridade social.

- Os gastos federativos.
- Os gastos de alugamento de instalacións deportivas, sempre e cando estas non sexan do Concello de Outes debido a que non existan instalación adecuadas e acordos no noso concello.
- Adquisición de material deportivo por un importe máximo de 800 € con IVE engadido.
- Revisións médicas, probas de esforzo, rehabilitación, e outros que poidan ser recoñecidos como indispensables para a consecución dos obxectivos deportivos previstos.

3.2.- Non serán obxecto de subvención, quedando excluídos:

- Os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse con ela. Neste sentido, teranse especialmente en conta, os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.
- Os gastos derivados da adquisición, reparación ou mantemento de bens inmobles; consumo eléctrico, telefónico e similares.
- Os gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde.
- Os gastos derivados das retencións do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF), así coma os tributos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os gastos derivados de produtos farmacéuticos e próteses.
- Cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

CUARTO. REQUISITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

4.1.- Poderán ser beneficiarios das axudas desta subvención, as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría dentro das modalidades deportivas individuais. Poderán solicitar subvencións os deportistas do Concello de Outes nados entre 2004 e 2014, ámbolos dous incluídos (exceptuando deportistas con discapacidade que abarcarán entre os anos 1994 e 2014), que, cumprindo ó prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Outes cunha antigüidade de, polo menos, dous anos consecutivos, no momento da solicitude..
- Estar en posesión de licenza deportiva, expedida pola federación correspondente, no momento da solicitude.
- Acreditar o nivel deportivo na especialidade, polo menos, correspondente



a ano anterior e/ou o ano da solicitude.

- Competir, no ano da solicitude en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, así como dispor de estrutura suficiente que garanta o cumprimento dos seus obxectivos.
- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Outes e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Outes.

4.2.- Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais:

- Os interesados que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido ese dereito, e especificamente o recollido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Os interesados que por resolución firme foran sancionadas polo incumprimento das condicións previstas na autorización precisa para o desenvolvemento da actividade.
- As persoas que perderan o dereito á obtención das subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.

4.3.- Obrigas dos Beneficiarios.

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro dos órganos competentes do Concello, nacionais ou comunitarios, e achegar a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao Concello se obtiveron outras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas cando coñeza esa circunstancia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación que lles deu aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade á proposta de resolución de concesión que



está ao corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

- f) Facer constar en todas as actividades que están subvencionadas polo Concello de Outes.
- g) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.
- h) Aceptar a subvención, en caso contrario, deberán renunciar expresamente e de forma motivada, no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención.
- i) Sinalar a súa condición de beneficiario deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda “Concello de Outes”, así como, publicitar esta condición de beneficiario, no caso de ter Facebook, páxina web ou blogue. No momento da xustificación hai que presentar acreditación desa publicidade.
- j) En xeral, as que prevé o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

QUINTO. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas que concorran á presente convocatoria deberán presentar os seguintes modelos normalizados que se facilitarán no servizo de deportes o una sede electrónica do concello:

- **Anexo 1: SOLICITUDE da subvención a deportistas individuais** do Concello de Outes, ano 2024, segundo modelo normalizado, xunto coa seguinte documentación:
 - Fotocopia do DNI e, no caso de ser necesario, documento que acredite a representación legal.
 - Fotocopia da licenza federativa das tempadas que se acreditan.
 - Deberá presentarse un certificado da federación sobre a participación en competicións oficiais, asistencia a xornadas de tecnificación, ou concentracións de selección autonómica e/ou nacional, no que se recolla: lugares de competicións/concentracións, datas e resultados acadados nas datas que abranguen estas bases.
- **Anexo 2: Alta de datos de TERCEIROS.** Se xa se ten presentada outros anos, non hai que presentalo, a non ser que haxa algún cambio.
- **Anexo 3: Orzamento estimado de Ingresos e Gastos con Subvencións.**
- **Anexo 4: Declaración Responsable.**

En cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os interesados teñen dereito a non aportar aqueles documentos que xa se obren en



poder de esta Administración local, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia ante o que foron presentados, ou, no seu caso, emitidos, e cando non trascorresen mais de 5 anos dende a finalización do procedemento a que correspondan.

A administración poderá consultar ou solicitar estes documentos agás que o solicitado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento sexa esixida no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección

SEXTO. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Outes, ou por sede electrónica e **o prazo de presentación de solicitudes determinarase no extracto desta convocatoria que se publicará no BOP.**

SÉTIMO. CRITERIOS DEPORTIVOS E DISTRIBUCIÓN DA BOLSA.

Para a valoración, teranse en conta as probas xa realizadas entre as datas marcadas nesta ordenanza. A partida que se vai distribuír será de 5.400 € e serán repartidos segundo a seguinte fórmula:

Valor do punto (VP) = 5400 / Nº total de puntos

Subvención Individual (SI) = VP * Suma individual dos puntos

Contabilizaranse os logros obtidos en competición oficiais, entendendo como competición oficial as recoñecidas polo C.S.D. ou similar, entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de Outubro de 2024, sempre e cando estas non fosen xa valoradas noutra convocatoria anterior. Seguindo este criterio se un deportista ten resultados diferentes en probas distintas, nun mesmo campionato, só se valorará a de maior puntuación.

Categoría /Posto	1º	2º	3º	4º - 8º	Resto	Feminina/ Discapacida de
INTERNACIONAL	50	40	30	20	10	12
EUROPEO	30	25	20	15	8	10
NACIONAL	20	15	10	5	0	8
AUTONÓMICO	15	10	5	0	0	6

Valorarase tamén o desprazamento máis largo feito ao longo da tempada segundo o seguinte baremo, sempre e cando se obteña un resultado baremable na táboa anterior.



DESPLAZAMIENTO	Ptos.
INTERNACIONAL	20
EUROPEO	10
NACIONAL	5
AUTONÓMICO	2

OITAVO. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN.

8.1. A concesión da subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), sendo o órgano encargado do seu outorgamento a Xunta de Goberno Local.

8.2. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, levarase a cabo a **instrución do procedemento**, realizando de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Deste xeito, unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión avaliadora emitirá **informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada**.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do Informe da Comisión avaliadora, formulará a **proposta de resolución provisional** debidamente motivada, que será publicada no Taboleiro de Edictos do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://outes.sedelectronica.gal/info.0>), e na páxina web municipal (www.outes.gal) e concederase un **prazo de dez días hábiles para presentar alegacións**.

A proposta de resolución expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a puntuación obtida e os criterios de valoración seguidos para efectual, así como a proposta de desestimación fundamentada do resto de solicitudes.

Os beneficiarios propostos deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución definitiva de concesión da subvención, os Certificados ou Declaracións responsables de que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma en que se determine regulamentariamente.

Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase a **proposta de resolución definitiva**, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e, no seu caso, os criterios de valoración seguidos para efectual.



8.3. A **comisión avaliadora** estará composta polos seguintes membros:

- O presidente (alcalde ou persoa en quen delegue)
- O concelleiro de Deportes
- 1 técnico deportivo do Concello que actuará como secretario da comisión
- 1 traballador do Concello

Para constituír validamente a Comisión deberán concorrer, polo menos, tres dos seus membros. A proposta da Comisión deberá ser adoptada co voto favorable da maioría simple dos membros asistentes á sesión. En caso de empate, decide o voto de calidade do presidente.

8.4. O **órgano instrutor** será un técnico deportivo ou o funcionario ou funcionaria en quen delegue. O instrutor poderá realizar de oficio as actuacións que xulgue necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se ditará a proposta de resolución.

8.5. A resolución da Xunta de Goberno Local notificaráselles ás persoas interesadas segundo o réxime previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa advertencia de que no prazo de 7 días naturais deberán comunicar se aceptan ou renuncian á subvención concedida.

Transcorrido ese prazo sen manifestación expresa das entidades beneficiarias, a subvención entenderase aceptada tacitamente e publicarase no taboleiro de anuncios da corporación a relación de subvencións concedidas e denegadas.

8.6. O prazo de resolución e notificación do procedemento non excederá o exercicio seguinte ao exercicio subvencionable. O vencemento deste prazo sen resolución expresa significará a desestimación por silencio administrativo das solicitudes presentadas.

NOVENO. XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

Realizadas as actividades para as que se concederon as subvencións, os beneficiarios xustificarán os gastos e ingresos derivados delas. Para iso deberán presentar a **Conta Xustificativa cos anexos 5 e 6,** no modelo normalizado que está ao seu dispor na páxina web do Concello (<http://www.outes.gal/gl/impresos>) De non presentar en prazo e forma esa xustificación, perderán o dereito á subvención concedida.

O prazo máximo para presentar a xustificación será o de **15 días hábiles** desde



que se notifique a concesión da subvención. Excepcionalmente, cando a duración ou as datas de realización das actividades impidan presentar a conta xustificativa no antedito prazo, o beneficiario comunicarlle ao Concello esa circunstancia e sinalará a data límite na que presentará a conta xustificativa. A Xunta de Goberno, á vista desas actuacións, poderá autorizar outro prazo de xustificación que, en todo caso, non excederá do 31 de decembro de 2024

As persoas deportistas beneficiarias deberán presentar xustificantes, como mínimo, pola totalidade da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe dos gastos que se xustifiquen documentalmente deberá ser igual ou superior á totalidade dos ingresos obtidos e declarados por calquera concepto (axudas ou subvencións públicas ou privadas, cotas de inscrición, cotas de socios, recursos propios, etc.) derivados da citada actividade.

Os xustificantes corresponderán aos gastos ocasionados para cumprir as actividades e as finalidades para as que se concedeu a subvención e non se admitirán gastos que non garden relación directa con elas nin a imputación de gastos indirectos, xerais ou de estrutura. Para estes efectos teranse en conta os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos e no orzamento presentado na solicitude de subvención.

Admitiranse como xustificantes as facturas e os demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán cumprir os requisitos do Rd 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación. En particular, deberán especificar os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como a base impoñible, e o tipo e a cota de IVE aplicado. Os gastos de persoal xustificaranse por medio de nóminas asinadas polo perceptor e os TC1 e TC2 xunto cos xustificantes de pagamento.

Os beneficiarios deberán presentar os xustificantes do pagamento das facturas achegadas na xustificación da subvención.

Se a documentación tivera defectos ou erros, dáselle ao beneficiario un prazo de 7 días naturais para emendalos e se non os emenda, a xustificación considérase como non presentada polo que o beneficiario está obrigado a presentar unha nova consonte estas bases.

A subvención reducirase ata a contía correctamente xustificada cando a

xustificación non acade o importe total da axuda outorgada.

Se a suma total dos ingresos obtidos pola actividade, como se definen no apartado terceiro anterior, fose superior aos gastos debidamente xustificadas, reducirase o importe da subvención na contía en que os ingresos obtidos superen os gastos.

A xustificación será aprobada polo órgano que concede a subvención.

DÉCIMO. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello aboará a subvención trala presentación e aprobación da conta xustificativa. Con carácter excepcional, se se pide expresamente e conta cunha motivación axeitada e suficiente, a Xunta de Goberno Local pode acordar o aboamento da subvención con anterioridade á xustificación.

DÉCIMO PRIMEIRO. INFRACCIÓN E SANCIÓN. REINTEGRO DAS AXUDAS

O incumprimento, pola entidade beneficiaria, das súas obrigas ou da finalidade da axuda dará lugar ao reintegro total ou parcial da subvención cos xuros de demora, nas condicións e de conformidade coa Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Con respecto ás infraccións e sancións son aplicables as disposicións do Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDO. RÉXIME DE RECURSOS.

Contra a resolución do proceso de concesión de axudas, que pon fin á vía administrativa, procede a interposición de Recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía da Corporación, ou ben a interposición directa de recurso contencioso-administrativo, consonte ao sinalado nos artigos 123 e ssg. da Lei 39/2015.

Outes, na data que figura á marxe

O alcalde
Manuel González López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

